



## **BASES REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO E OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS PARA O EXERCIZO DA ACTIVIDADE DE VENDA NO MERCADO DE NADAL DE VILAGARCÍA 2021 UBICADO NAS PRAZAS DA INDEPENDENCIA E PRAZA DE ESPAÑA**

**PRIMEIRA. OBXECTO.** O obxecto das presentes bases é a regulación do funcionamento e outorgamento das autorizacións para o exercicio da actividade de venda, con motivo do Mercado de Nadal 2021 organizado polo Concello de Vilagarcía durante o período comprendido entre o 3 de decembro de 2021 e o 2 de xaneiro de 2022.

### **SEGUNDA. INSTALACIÓNS.**

O Mercado de Nadal Instalarase previsiblemente, sempre que as circunstancias o permitan, na contorna da Praza da Independencia e/ou da Praza de España.

Estará formado, en principio, por 16 postos de venda que se subministrán mediante 16 casetas de madeira de 5 m<sup>2</sup> cada unha, que incorporan ventás convertibles en mostradores.

Cada caseta estará dotada de iluminación independente e subministro de electricidade que será de cargo do Concello, así como dos elementos mínimos precisos para a exhibición dos produtos sen prexuízo de que cada vendedor utilice os elementos expositores máis axeitados ás características da súa actividade que serán supervisados pola organización e que correrán ao exclusivo cargo do vendedor.

Reservaranse un mínimo de postos para actividade de hostalería, que deberán ofrecer, entre outros, bebidas quentes (Chocolate, infusións e cafés...) con inspiración de Nadal e/ou doces tradicionais para consumo in situ.

Farase unha reserva dalgún posto de venda para ONGs, fundacións ou outras entidades radicadas no Concello de Vilagarcía, dedicadas a fins sociais e sen fin de lucro.



Os postos de venda, asignaranse de acordo coa distribución que determine o Concello e ocuparanse os postos asignados con rigorosa suxeición á normativa que regule a venda dos produtos obxecto de comercialización.

No caso de alimentos, especialmente dos elaborados artesanalmente, estes deberán contar co rexistro sanitario correspondente a cada produto obxecto de venda; as persoas que exerzan a actividade deberán dispoñer do correspondente carné de manipulador de alimentos e cumprir coa normativa en materia de Hixiene e Seguridade alimentaria que afecte ao seu produto e/ou actividade, así como aos instrumentos utilizados para a súa elaboración. Defínense como alimentos artesáns os tradicionais no período de Nadal (turróns, polvoróns, mazapáns....)

A autorización de venda, de acordo co establecido nas presentes bases, non prexulga calquera outra autorización ou licenza que sexa preceptiva.

### **TERCEIRA. ORGANIZACIÓN DO MERCADO E PRODUTOS AUTORIZADOS PARA A VENDA.**

1- Con carácter xeral o **tempo mínimo de participación no Mercado** será de **unha semana** salvo autorización expresa do Concello, atendendo a circunstancias excepcionais ( natureza dos produtos, procedencia dos vendedores...)

2- As mercancías autorizadas para a venda serán as seguintes:

- Artigos relacionados co Belén tradicional, figuras e os seus complementos.
- Decoración de Nadal: Luces, grilandas, adornos, instrumentos musicais típicos de Nadal, etc.
- Flores de Pascua, árbores de Nadal, centros florais e outros elementos ornamentais de Nadal
- Artesanía: Artigos de coiro, madeira, metal, papel, cartón, cristal, cerámica, pedra..., elaborados artesanalmente e inspirados, con carácter xeral, na temática de Nadal.
- Traballos manuais e gravados.
- Artigos lúdicos infantís de Nadal (a Comisión de valoración municipal valorará en cada caso, a posibilidade de venda de calquera tipo de artigo neste apartado).
- Doces de Nadal e outros produtos de confitería, propios do Nadal e elaborados artesanalmente.



- Bixutería, artigos de regalo e complementos de moda de inspiración do Nadal (gorros, guantes, calcetíns, e.t.c.).

A Comisión de valoración municipal valorará a posibilidade de venda de calquera tipo de artigo neste apartado, e terá, en todo caso, facultades para rexeitar a venda de calquera artigo que considere competencia desleal respecto do comercio local.

**CUARTA. SOLICITUDES E MODELOS.** As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía a través dos medios telemáticos habilitados no portal web <https://sede.vilagarcia.gal> (procedemento/formulario de solicitude: **50005**) ou a través do Rexistro oficial de calquera outra administración, neste último caso o solicitante deberá comunicar, na mesma data na que presente a súa solicitude mediante correo electrónico remitido á dirección [tle@vilagarcia.gal](mailto:tle@vilagarcia.gal), a presentación da devandita solicitude.

As solicitudes poderán achegarse ata as 24:00 horas do día 15 de novembro de 2021, de acordo cos modelos que se publicarán como **(ANEXOS)**.

Só poderá presentarse unha solicitude por cada interesado o que dará opción a un único posto de venda, sen que sexa posible usar a persoas físicas ou xurídicas interpostas para optar a máis dun posto. No caso de que se solicite máis dun posto, só se atenderá á primeira solicitude que conste no rexistro municipal, desestimándose o resto de solicitudes achegadas.

- Información telefónica: 986099200 ext. 218/219

- Mail: [tle@vilagarcia.gal](mailto:tle@vilagarcia.gal); [jquintans@vilagarcia.gal](mailto:jquintans@vilagarcia.gal)

#### **QUINTA. DOCUMENTACIÓN A APORTAR.**

- a) Formulario de solicitude debidamente cuberto e asinado
- b) Fotocopia do DNI/CIF/NIE. No caso de persoas xurídicas, deberá achegar ademais a copia dos seus estatutos e a acreditación da representación da persoa que formula a solicitude.
- c) Memoria declarativa dos produtos obxecto da venda na que se detalle a orixe dos produtos e procedemento de elaboración no caso de produtos artesanais, tamén achegarse soporte gráfico dos produtos obxecto de venda.



## **SEXTA. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

As solicitudes achegadas serán valoradas por unha comisión de valoración integrada por :

- Concelleira de Promoción Económica
- Técnica/o de Promoción Económica
- Representante da Administración

**No caso de que o número de solicitudes exceda o número de postos dispoñibles para realizar a actividade de venda, os postos asignaranse por resolución da comisión de valoración debidamente motivada.**

A lista de solicitudes seleccionadas para participar no Mercado, publicaranse na Sede Electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal) e na web do Concello [www.vilagarcia.gal](http://www.vilagarcia.gal), nun prazo de 4 días hábiles seguintes á data de fin do prazo de presentación de solicitudes.

## **SÉTIMA. OBRIGAS.**

- A persoa que atenda o posto deberá cumprir coas condicións de hixiene e seguridade alimentaria que sexan de aplicación en cada caso.
- A Instalación adxudicada será dedicada exclusivamente ao obxecto manifestado na solicitude
- Non ceder, vender ou subarrendar a terceiros as autorizacións para a venda
- Atender e cumprir as indicacións efectuadas polos técnicos municipais e axentes da Policía Local
- Cumprir coas obrigas establecidas pola normativa de protección de consumidores e usuarios
- Permanecer nos postos durante **os horarios de apertura do mercado** e cumprir cos horarios establecidos :

**Con carácter xeral:** De 11 a 14:00 horas da mañá e de 17 a 21:00 horas da tarde

O día **24 de decembro** permanecerá aberto de xeito continuado entre as 11:00 e as 18:00 horas

O día **25 de decembro** de 17 a 21:00 horas da tarde

- Só se permitirá a instalación no exterior do posto do rótulo identificativo co nome comercial do adxudicatario do posto e iluminación independente.



O día **31 de decembro** permanecerá aberto de xeito continuado entre as 11:00 e as 18:00 horas

O día **1 de xaneiro** de 17 a 21:00 horas da tarde

- Só se permitirá a instalación no exterior do posto do rótulo identificativo co nome comercial do adxudicatario do posto e iluminación independente.

Os adxudicatarios dos postos, deberán ter a disposición dos responsables da xestión do mercado, a documentación referente ás obrigas e autorizacións que sexan de obrigado cumprimento, que lle poderá ser requirida para a súa verificación en calquera momento, concretamente a seguinte:

- Certificado de atoparse ao corrente coas obrigas da Seguridade Social e alta no réxime que corresponda tanto do titular, como das persoas que vaian exercer a actividade de venda.
- Alta no IAE e autorizacións para a venda, de ser obrigatorias segundo a actividade.
- Póliza orixinal e recibo do seguro de responsabilidade civil en vigor, que cubra as posibles reclamacións derivadas da actividade desenvolvida con un límite de indemnización non inferior a 150.000 €.

**O incumprimento de calquera destas obrigas deixará sen efecto a autorización concedida, debendo abandonar o posto de venda e deixando baleira a caseta de maneira inmediata.**

**OITAVA. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.** A convocatoria para a presentación de solicitudes, e de ser o caso, data do sorteo, publicarase na prensa local, sede electrónica e páxina web do Concello de Vilagarcía.

#### **NOVENA. RESOLUCIÓN, CADUCIDADE E SUSPENSIÓN DA OCUPACIÓN.**

Producirase por incumprimento das anteriores obrigas e polas causas seguintes:

- a) Remate do prazo de celebración do Mercado
- b) Non usar o posto de venda ou destinala a usos non manifestados na solicitude
- c) Presentación antiestética, desordenada, descoido no aseo do persoal, falta de limpeza, incorrección no trato ao público, provocación de alteracións do Orde Público, altercados ou escándalos



d) Incumplimento das indicacións que se formulen polos responsables dos servizos técnicos municipais e policía Municipal

e) Por motivos de seguridade cidadá e interese público motivado especialmente por razóns de emerxencia sanitaria, deberán cumprir a normativa “covid” esixida en cada momento.

#### **DÉCIMA. INFRACCIÓN E SANCIÓN**

Aplicaranse neste extremo as disposicións da Ordenanza reguladora de venda ambulante do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A interpretación das infraccións e aplicación de sancións resolveranse tras a tramitación do oportuno expediente con audiencia ao interesado.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

Alba Briones Gamarra

Concelleira Delegada da Área de Promoción Económica